

Luns, 27 de abril de 2020.

Bo día familias:

Envío esta nota informativa como a semana pasada e como enviarei todos os luns, na que explicarei o traballo das materias que eu imparto. Este traballo colgarase os luns na páxina web do centro, enviarase polo whatsapp do mesmo e poñerase na axenda de Edixgal de cada materia.

O traballo vai distribuído por días, pero non é necesario facelo nesa orde. Deberíase ter feito ao final de cada semana para que eu poida revisalo, que o farei entre final desa semana e principio da seguinte, dependendo da data de entrega das tarefas por parte do alumnado. Cada alumno e alumna, debe volver a revisar esas tarefas feitas para ver se tivo algún erro e as anotacións que aparecerán en cada actividade.

O alumnado que non dispoña de conexión a internet, fará as actividades que aparecen como **“sen acceso a internet”** na súa libreta e enviará unha foto á conta de correo que se lles indicou nas semanas anteriores, ou ao Telegram.

Ademais de servir para entregar as actividades e preguntar as dúbidas, calquera das vías de comunicación que se lles facilitaron (a conta de correo, mensaxería de Edixgal ou o Telegram) serven para manter o contacto entre os mestres e as familias, polo que fagan uso de calquera delas, da que vostedes decidan, ao longo da semana, e así poder saber da situación de cada alumno e alumna, das dúbidas, dificultades ou problemas que poidan ter para traballar.

A continuación explico o traballo desta semana:

- **Alumnado que NON teña acceso a INTERNET:**

- ✓ **LUNS 27/04/2020: MATEMÁTICAS.**

- Tema 7-8: Números decimales. Ir á parte 5 do tema, “Multiplicación de números decimales” e facer a actividade 2, coas multiplicacións feitas na libreta, a 4A (a y b) e 4C.

✓ **MARTES 28/04/2020: LENGUA.**

- Tema 7: Fantasía y realidad. Parte 4 “Gramática: Los pronombres personales”. Ler despacio a teoría e facer as actividades 1, 2, 3, 4, 5 y 6. Enviar foto das actividades feitas. Se queredes, podedes facer “o reto”.

✓ **MÉRCORES 29/04/2020: MATEMÁTICAS.**

- Tema 7-8: Números decimales. Ler moi despacio a parte 6 do tema, Divisiones con decimales. Unha vez lida con calma, ver os seguintes vídeos que explican a división de decimales e facer, na libreta, a actividade 2. A continuación aparecen os enlaces aos mesmos:

<https://youtu.be/KD1mmLAVWt8>

<https://youtu.be/UGOu0JndTml>

<https://youtu.be/AGxvJqxNLYU>

✓ **XOVES 30/04/2020: LINGUA.**

- Tema 7: Abre o pano!. Parte 2 “Vocabulario: Palabras compostas”. Ler a teoría e facer as actividades 2, 3, 4 e 5 na libreta e enviar a foto. Na actividade 4, non é necesario copiar a sopa de letras.

- Alumnado **con acceso a internet**: Teñen todas as actividades explicadas na axenda Edixgal de cada materia, en cada un dos días que aparecen a continuación:

- ✓ LUNS 27/04/2020: MATEMÁTICAS.
- ✓ MARTES 28/04/2020: LENGUA.
- ✓ MÉRCORES 29/04/2020: MATEMÁTICAS.
- ✓ XOVES 30/04/2020: LINGUA GALEGA.

Moito ánimo para todos e moita forza!!

Un saúdo.

Mirta González Lastra